Margarida - Eirís de Arriba · A Cruña 22 de marzo do 1953. (12)

Sr. D. Cézar Alvajar
Paris

Meu bon e vello amigo:

Oxe pola mañan recibin a tua letra do 16, e xa que é domingo e
podo deixar de man o meu labor – mais que labor entretenemento – na horta, pois o
fillo está na casa e mirará pola bichería e plantacións, vou a dar resposta a tua
estimada, no intre que agardo pola acostumada visita dos meus irmans Leandro
e Luis, e tal vez algún amigo dos que soen vir nos dias de festa de gardar.

Vexo, con satisfaición, que cobrache animos pra me escribir unha parrafada
na nosa fala, o que me causou ledicia, pois dígoche a verdade, sempre cordei que
ti andabas un pouco arredado das nosas aspiracións e debezos. Lástima que toda
tua esquerda non fose escrita en galego; pois vexo que si queres sabelo facere.

O que non pono en dubida e a tua preferencia pol-a esquerda do rio Sena,
sempre fuches esquerdeiro en todo; tamen o son eu cando apreixo nas mans o sacho
ou calquer outra ferramenta de mangueira longa que precisa o seren manexa-
da con ambas mans; e a miña morada está tamen da banda esquerda da ria
do Pasaxe. Xa ves que nesto coincidimos.

Non me pos presa nos datos que me pides de Marcelo Macías e Rey Soto, pero
como eu son dos que non deixan para "mañan" o que poden facer no momento,
voute respondere agora mesmo, e asi tampouco ti perderás días en agardar pola
resposta: Marcelo Macías y García, nado en Astorga no ano 1843, foi moitos anos ca-
tedrático de Literatura Preceptiva no Instituto d'Ourense, onde morreu o 7 de marzo
do ano 1941.

Antonio Rey Soto, o gran poeta, a quen inxustamente apenas si se ten en conta nas
Antoloxías e Historias da Literatura pol-os autores españoles, non morreu inda, a menos
que eu seipa; anda por Ourense, e segundo ouvin, volveuse un pouco misantropo e
dun caraiter raro e desganado. Me non estrana, tendo en conta o vacío que lle fixeron
os "sabios" contemporáneos. O primeiro libro de versos que publicou, como verás na
nota que che mando, titulábase ou millor dito, titúlase «Falenas» poesías en castelán,
e unha sô en galego "Ô mosteiro de San Estebán de Ribas de Sil". A fina xoya que ti
lembras "Mis lebreles", e "In morte vita" están no volume "Nido de Áspides". Para
che informare de tan pouca cousa non preciso da Academia nin de ninguén. Se mais que-
res saber dimo e destonces tal vez si teña que eu recorrire a outros.

Sabes que che teño en moita estima e que comprázome moito o te servir
en canto poida, neses teus nobres propósitos.

Recibe unha agarimosa aperta do teu vello amigo
Uxío Carré

Celebrarei esteas xa ben de saude.

De Rey Soto conozo e teño na miña modesta biblioteca:

«Falenas» (poesías) Imprenta de A. Otero - Orense 1905

«La lágrima» (traducción al castellano de «A lágrima» de Guerra Junqueiro. Imprenta Artística Española - Madrid 1910

«Nido de áspides» (poemas) Edición de Perlado Paez Sucesores de Hernando. Madrid 1911.

«Amor que vence al Amor» (poema dramático) 2ª edición Librería Viuda de Pueyo Madrid 1918.

«La Loba» (novela) Se refiere a la legendaria historia de Pepa a Loba, celebre capitana de una banda de ladrones que actuó hace años en Galicia, y de la que posiblemente habrás oído hablar como oí yo. - Imprenta de Juan Pueyo - Madrid 1918

«Cuento de lar» (tragedia rústica) Librería de la Viuda de Pueyo Madrid 1918

«La Copa de Cuasia» (Ensayo de un libro del Dolor) Obra muy interesante y de profundos pensamientos que se publicó en Guatemala en 1928.

«El crisol del Alquimista» (poesías) editado en la Compañía General de Artes Gráficas - Madrid 1931.

Publicou tamén (mas eu non as teño nen conozo):

Remansos de paz: Campos de Guerra (Viajes)
Estampas guatemaltecas (crónicas)
Discursos
Conferencias
Ensayos
El diálogo de los paladines (Poema) Madrid 1931
Divagaciones en torno de la poesía (conferencia) Fué pronunciada en el «Circo» en La Coruña y editada por dicha Sociedad.

Non sei si publicou ou non outras que tiña anunciadas; como son:

«Iniciación en el estudio de la Literatura Española».
«El dolor del Almirante» (poema biográfico colombino)
«Los siervos de España» (Ensayo del desarrollo de la cultura hispano-americana durante el período colonial) Publicada en folletones en «El Imparcial» de Guatemala
«Los gallegos en Guatemala» id. id. id. id.
«Cuando Cristo está solo» (coloquios místicos)
«Las huellas de Pegaso» (discursos, artículos y papeles)
«Doña Solita» (novela de costumbres gallegas)
«Cuentos»
«La última cita de míster Archiwald Cheek» (novela)
«La tentación» (novela).
«Novo carrego» Dixéronme que ten tamén en preparación unha «Literatura Gallega» moi compret